



BOP

MÉRCORES, 21 DE FEBREIRO DE 2024 N.º 043

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE MEDIO AMBIENTE

Anuncio

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o 16 de febreiro de 2024, acordou a aprobación das bases da convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas sen ánimo de lucro das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses para o desenvolvemento de actuacións de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade 2024.

CONVOCATORIA, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO DAS RESERVAS DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO E OS ANCARES LUCENSES PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS DE POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO NATURAL, CULTURAL E PAISAXÍSTICO DESTES TERRITORIOS NA ANUALIDADE 2024.

O texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións:

<https://www.pap.hacienda.gob.es/bdnstrans/ge/es/convocatorias>

Así mesmo, as bases da devandita convocatoria e os modelos de solicitude e de xustificación tamén estarán a disposición dos interesados/as na web da Deputación de Lugo no seguinte enlace:

<https://www.deputacionlugo.gal/gl/temas/medioambiente/subvencionsRRBB2024>

Para os efectos oportunos, a correspondente publicación do extracto da convocatoria realizarase no BOP de Lugo.

Primeiro.- Beneficiarios

En xeral, poderán solicitar subvencións ao amparo desta convocatoria as entidades ou asociacións sen ánimo de lucro legalmente constituídas, inscritas no rexistro publico correspondente na data de publicación desta convocatoria, con sede/delegación social ou cuxo ámbito territorial de actuación estea incluído nas Reservas da Biosfera Terras do Miño ou Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá (en adiante, Os Ancares Lucenses), e cuxo obxecto social estea relacionado con algunha das liñas de acción dos plans das ditas Reservas.

Segundo.- Obxecto

Constitúe o obxecto desta convocatoria a ordenación do procedemento aplicable para o outorgamento de subvencións en réxime de concorrencia competitiva destinadas a entidades asociativas legalmente constituídas sen ánimo de lucro con sede/delegación social ou cuxo ámbito territorial de actuación estea incluído nas Reservas da Biosfera Terras do Miño ou Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá (en adiante, Os Ancares Lucenses), e cuxo obxecto social estea relacionado con algunha das liñas de acción dos plans das ditas Reservas.

Estas subvencións están destinadas ao desenvolvemento de actuacións de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade de 2024, e cuxos fins contribúan ao cumprimento dalgunha das Liñas de Acción dos Plans de Acción das referidas Reservas da Biosfera.

A convocatoria inclúe dúas liñas diferenciadas:

- A LIÑA 10.2 destinada á execución de actividades no territorio da Reserva da Biosfera Terras do Miño por parte de entidades asociativas sen ánimo de lucro con sede/delegación social ou cuxo ámbito territorial de actuación estea incluído neste territorio, do que forman parte os seguintes 26 municipios: Abadín, Alfoz, Baralla, Begonte, Castro de Rei, Castroverde, O Corgo, Cospeito, Friol, Guitiriz, Guntín, Láncara, Lugo, Meira, Mondoñedo, Muras, Oural, Outeiro de Rei, O Páramo, A Pastoriza, Pol, Rábade, Riotorto, O Valadouro, Vilalba e Xermade.
- A LIÑA 10.3 destinada á execución de actividades no territorio da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses por parte de entidades asociativas sen ánimo de lucro con sede/delegación social ou cuxo ámbito territorial de

actuación esta incluído neste territorio, do que forman parte os seguintes 3 municipios: Becerreá, Cervantes e Navia de Suarna.

Terceiro.- Bases reguladoras

A Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección:

<https://www.deputacionlugo.gal/subvencions>

As bases da convocatoria pódense consultar na web da Deputación Provincial de Lugo:

<https://www.deputacionlugo.gal/gl/temas/medioambiente/subvencionsRRBB2024>

Cuarto.- Contía

A cantidade destinada para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses para o desenvolvemento de proxectos de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade 2024 será de cento dez mil euros (110.000,00 €):

- A LIÑA 10.2 (Reserva da Biosfera Terras do Miño) está dotada con 60.000 €.
- A LIÑA 10.3 (Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses) está dotada con 50.000€.

A subvención que a Deputación Provincial pode conceder estará comprendida no intervalo establecido na seguinte táboa:

IMPORTE MÍNIMO	IMPORTE MÁXIMO
1.000,00 €	7.000,00 €

Quinto.- Prazo de presentación

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles, a contar a partir do día seguinte da publicación no BOP da provincia de Lugo do extracto da convocatoria.

Sexto.- Outros datos

O prazo de execución da actividade ou comportamento subvencionado abarca do 1 de xaneiro de 2024 ata o 31 de decembro do 2024.

Cando menos, o 5% do custo total da actuación subvencionada deberá ser financiado con recursos propios da entidade beneficiaria.

Unha mesma entidade asociativa poderá concorrer nesta convocatoria á LIÑA 10.2 (territorio da Reserva da Biosfera Terras do Miño) e, do mesmo xeito, á LIÑA 10.3 (territorio da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses). Con todo, unha mesma entidade asociativa só poderá ser beneficiaria dunha única subvención en cada liña desta convocatoria e, do mesmo xeito, só poderá presentar unha única solicitude a cada liña.

Lugo, 20 de febreiro de 2024.- O PRESIDENTE, P. D. Decreto de data 04-07-2023, O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0497

CONCELLOS ANTAS DE ULLA *Anuncio*

Logo de quedar definitivamente aprobado o acordo do Pleno do Concello de data 30 de novembro de 2023 faise público para xeral coñecemento a desafectación do camiño público denominado “*Camiño público de titularidade municipal que se corresponde coa parcela catastral núm. 27003A076090110000XX*”, sito no lugar de Nugallás, parroquia de San Fiz de Amarante.

Antas de Ulla, dous de febreiro de dous mil vinte e catro.- A Alcaldesa, María Pilar García Porto.

R. 0452

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SUBMINISTRACIÓN DOMICILIARIA DE AUGA E DERROGACIÓN DA ORDENANZA VIXENTE

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario provisional do Concello de Antas de Ulla do 30 de novembro de 2023 de aprobación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de subministración domiciliar de auga e derogación da ordenanza vixente.

O texto íntegro da devandita Ordenanza faise público en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SUMINISTRACIÓN DOMICILIARIA DE AUGA

ARTÍCULO 1.- Fundamento legal

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 e seguintes do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas Locais, o Concello de Antas de Ulla impón a taxa de “taxa pola prestación do servizo da subministración domiciliar de auga”, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no artigo 132 do citado Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

ARTIGO 2.- Feito imponible

Constitúe o feito imponible da taxa a actividade administrativa a prestación do servizo de subministro da auga incluídos os dereitos de enganche de liñas e colocación e utilización de contadores e instalacións análogas.

ARTIGO 3. - Suxeito pasivo

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria que soliciten, provoquen ou e cuxo interese redunde a realización da actividade que constitue o feito imponible.

Terán a consideración de substitutos do contribuínte os propietarios das vivendas ou locais ás que se provea do servizo, as cales poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios.

ARTIGO 4.- Responsables

Responderán solidariamente ou subsidiariamente segundo corresponda das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas ou xurídicas a que se refiren os artigos 41 e seguintes da Lei xeral tributaria.

ARTIGO 5. - Cota tributaria

A cota tributaria determinarase por unha cantidade, fixa ou variable, de acordo co cadro que figura no artigo seguinte.

ARTIGO 6.- Tarifas

A cota tributaria da taxa, regulada nesta ordenanza será a que a continuación se fixa nas tarifas seguintes:

1. Cota única de enganche	150 euros
2. Consumos mensuais de ata os 5 m ³	0,30 euros/m ³
3. Consumos mensuais de entre 5 m ³ ata 10 m ³	0,40 euros/m ³
4. Consumos mensuais de entre 10 m ³ ata 20 m ³	0,50 euros/m ³
5. Tarifa para consumos mensuais superiores aos 20 m ³	0,60 euros/m ³

Os tramos das tarifas, e función dos consumos realziados teñen como finalidade, por unha banda incentivar o aforro na utilización do recurso e reducir a carga tributaria para aqueles usuarios/as con menores recurso económicos.

Os usuarios que consuman máis de 20 m³ ao mes pagarán a cota establecida no precedente nº 5 desde o primeiro dos m³ do seu consumo.

ARTIGO 7.- Bonificacións

Non se concederá bonificación algunha dos importes das cotas tributarias sinaladas na tarifa desta taxa.

ARTIGO 8.- Devengo

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se presente a solicitude que inicie a prestación do subministración.

ARTIGO 9.- Xestión

1. *A liquidación da taxa e o seu cobro farase cunha periodicidade semestral.*

2. Os suxeitos pasivos deberán presentar a solicitude de alta ou baixa no servizo e, unha vez concedida a licenza de conexión á rede, incorporaranse ao padrón de suxeitos pasivos en concepto de taxa pola subministración de auga potable, quedando obrigados ó pagamento das liquidacións correspondentes.
3. Unha vez iniciada a prestación do servizo entenderase que se encontra en situación de alta mentres non se presente a declaración de baixa polo/a interesado/a, devengándose a tarifa correspondente.
4. No caso de cambio do suxeito pasivo do propietario ou declaración de ruína do inmovible, os suxeitos responsables formularán as declaracións de baixa no padrón da taxa que terá efecto no mes seguinte ó da súa presentación. A non presentación da solicitude de baixa, determinará a obriga de continuar aboando a tarifa.
5. O concello poderá suspender a subministración de auga aos/as usuarios/as polas seguintes causas:
 - a) Por falta de licenza de conexión á rede.
 - b) Por falta de pagamento da facturación por subministración de auga transcorrido o prazo de dous meses dende que rematase o período de pagamento en vía voluntaria.
 - c) Por utilización inapropiada da auga doméstica para regar ou para outros usos diferentes dos autorizados.

Cando conste a concorrencia dalgún destes supostos, o concello procederá a comunicarllo ao/á interesado/a, advertíndoo/a expresamente da posibilidade de suspensión, e concedéndolle un prazo de dez días hábiles de audiencia para formular as alegacións que estime pertinentes.

Logo da audiencia ao/á interesado/a, a Alcaldía resolverá suspender a subministración se resulta confirmada a que na subministración concurren algún supostos contemplados. Dita suspensión terá carácter indefinido mentres non desapareza a causa que a motiva.

Transcorridos dous meses desde que se produciu a suspensión, sen que o/a usuario/a emendara as causas que a motivaron, o Concello poderá declarar, trala audiencia do/da interesado/a, a caducidade da licenza de enganche.

6. Os contadores estarán situados nun lugar axeitado e accesible, preto da chave de paso, na parte exterior do inmovible. No caso de vivendas colectivas, os contadores irán nun compartimento ou caixa, en sistema de batería, no baixo do inmovible e nunha zona de uso común, con acceso directo desde o portal de entrada. A conexión de contadores se efectuará baixo vixilancia e supervisión de persoal do Concello designado ao efecto, correndo a cargo do/da solicitante os gastos de instalación.
7. Para control dos consumos realizados polos/as usuarios/as instalaranse contadores debidamente homologados. As lecturas destes contadores faranse periodicamente, cos intervalos que estime conveniente o Concello. O/A abonado/a ao servizo estará obrigado/a a facilitar o acceso ao persoal encargado da lectura dos mesmos.

ARTIGO 10.- Infraccións e sancións

1.- Será de aplicación en materia de infraccións e sancións o regulado nos artigos 178 a 212 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

2.- Tamén se estará ó previsto especialmente nos artigos pertinentes relativos ás normas de xestión do servizo.

3.- Sen prexuízo do disposto nos parágrafos anteriores, as infraccións cometidas por usuarios/as ou terceiros/as poderán ser cualificadas en moi graves, graves e leves.

a) Infraccións moi graves:

- O uso da auga sen a preceptiva licenza de conexión á rede.
- Cometer calquera acto non accidental que provoque danos ou desperfectos nas tubaxes, instalacións ou equipos do sistema de abastecemento de augas.
- Introducir modificacións fraudulentas nas conexións á rede ou manipular os contadores de medición de consumo co obxecto de rexistrar menor consumo do real.
- Realizar derivacións do caudal antes do equipo de medición.
- Interconectar redes privadas co sistema público de abastecemento de auga.
- Facer conexións directamente desde tubaxes de bombeo, liñas de conducción ou liñas que interconecten unidades do sistema.
- Conectar equipos de bombeo ou mecanismos que succionen a auga directamente das redes de subministro ou desde as conexións domiciliarias.
- Os comportamentos negligentes ou maliciosos que provoquen calquera tipo de contaminación á rede de distribución.
- A reincidencia en tres infraccións graves.

b) Infraccións graves:

- Impedir o acceso ao inmovible do persoal do servizo municipal de auga para a lectura dos contadores, a inspección das instalacións ou o exercicio de calquera das funcións propias do cargo.
- Non efectuar as reparacións ou modificacións indicadas polo servizo municipal de auga do Concello na rede interna do usuario que signifiquen utilización indebida de auga.
- Interferir na prestación dos servizos de auga potable, causando prexuízos a outros usuarios.
- Non respetar as limitacións do consumo nos casos de escaseza.

- Cortar ou interromper o servizo de auga dun/dunha terceiro/a.
 - Non aboar a tarifa correspondente pola sumministración.
 - A comisión de tres infraccións leves
- d) *Infraccións leves:*

Calquera outra infracción que se puidera cometer en relación ao uso ou destino da auga e que non se tipifique como infracción grave ou moi grave.

4.- *Sancións:* A Alcaldía, previa incoación do oportuno expediente sancionador (de conformidade co disposto na Lei de Réxime Xurídico do Sector Público e a normativa procedimental de aplicación, nomeadamente a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. poderá impoñer as seguintes sancións:

a) As infraccións moi graves poderán ser sancionadas con multa de 900,01 € a 1.800,00 €.

b) As infraccións graves poderán ser sancionadas con multa de 300,01 € a 900,00 €.

c) As infraccións leves poderán ser sancionadas con multa de ata 300,00 €.

A estas sancións se lles poderá acumular a suspensión da subministración.

ARTIGO 11.- Limitación de de consumo nos supostos de escaseza

Se nalgún momento o volume captable de auga resultara insuficiente para satisfacer simultaneamente todos os consumos o Concello establecerá temporalmente os límites de consumo que sexan precisos para protexer a dispoñibilidade prioritaria da auga para os usos domésticos máis necesarios.

ARTIGO 12.- Actualización anual de tarifas

As tarifas actualizaranse anualmente, con efectos do 1 de xaneiro de cada ano, aplicándose o incremento do IPC producido no ano anterior, aos efectos de corrixir os efectos da inflación.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Queda derogada a ordenanza fiscal reguladora da prestación do servizo domiciliario de augas aprobada polo Pleno de data 31 de agosto de 2022.

DISPOSICIÓN FINAL.- Aprobación, Entrada en vigor e modificación da ordenanza fiscal

A presente Ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno deste Concello será de aplicación logo da súa publicación no BOP, conforme ao disposto no artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, a partir do 1 de xaneiro seguinte, e continuará vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

En caso de modificación parcial desta Ordenanza Fiscal, os artigos non modificados continuarán vixentes.”

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor polo interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Antas de Ulla, 14 de febreiro de 2024.- A Alcaldesa, Pilar García Porto.

R. 0453

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DOMICILIARIA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E DERROGACIÓN DA ORDENANZA VIXENTE

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario provisional do Concello de Antas de Ulla do 30 de novembro de 2023 de aprobación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida domiciliaria de residuos sólidos urbanos e derogación da ordenanza vixente

O texto íntegro da devandita Ordenanza faise público en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DOMICILIARIA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS

ARTÍCULO 1.- Fundamento legal

1.- *En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 e seguintes do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas Locais, o Concello de Antas de Ulla impón a taxa de pola prestación do servizo de recollida domiciliaria*

de residuos sólidos urbanos que se rexerá pola presente ordenanza, cuxas normas atenden ao previsto no artigo 132 do citado Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

2.- Polo carácter hixiénico-sanitario a recepción do servizo é obrigatoria

ARTIGO 2.- Feito imponible

1. Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servizo de recepción obrigatoria de recollida de lixo domiciliaria e residuos sólidos urbanos de vivendas, establecementos de hostelería e locais onde se exerzan actividades industriais ou comerciais.

2. A obrigación de contribuír nace coa prestación do servizo, por ter esta a condición de obrigatoria e xeral, entendéndose utilizado polos titulares de vivendas e locais existentes na zona cuberta pola organización do servizo municipal.

ARTIGO 3. - Suxeito pasivo

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria que soliciten, provoquen ou e cuxo interese redunde a realización da actividade que constitúe o feito imponible.

Están obrigados ó pago da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas física ou xurídicas e as Entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que resulten beneficiarias.

Terán a consideración de substitutos do contribuínte os propietarios das vivendas ou locais, quen poderán repercutir, no seu caso, sobre os respectivos beneficiarios.

ARTIGO 4.- Responsables

Responderán solidariamente ou subsidiariamente segundo corresponda das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas ou xurídicas a que se refiren os artigos 41 e seguintes da Lei xeral tributaria.

ARTIGO 5. – Base imponible e cota tributaria

1. A base imponible da taxa determinarase en función da natureza e destino dos inmoables.

2. A cota tributaria determinarase por aplicación da seguinte

TARIFA

<u>Concepto</u>	<u>Importe anual</u>
Prestación do servizo en:	
1. Vivendas familiares	41,00 euros
2. Locais industriais e comerciais	82,00 euros

ARTIGO 6.- Bonificacións

Establécense as seguintes bonificacións:

- Bonificación do 40% da cota para os fogares unipersonais nos que os ingresos brutos anuais sexan iguais ou inferiores a 15.120,00 euros.

- Bonificación do 60% da cota para familias numerosas, familias monoparentais con alomenos un fillo a cargo, persoas beneficiarias de prestacións sociais e unidades familiares nas que un ou máis membros teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33%.

- Bonificación do 30% da cota por participación na separación da fracción orgánica mediante a utilización do contedor marrón.

- Bonificación do 30 % da cota por participación na compostaxe doméstica ou comunitaria mediante o uso de composteiros domésticos ou comunitarios.

Nestes dous últimos supostos, por acordo da Xunta de Goberno determinará os requisitos e condicións para acreditar o motivo das bonificacións.

ARTIGO 7.- Devengo

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a prestación do servizo.

ARTIGO 8.- Xestión

1. Anualmente formarase un padrón no que figurarán os contribuíntes afectados e as cuotas respectivas que se liquiden, por aplicación da presente ordenanza, o cal será exposto ó público por dez días hábiles a efectos de reclamacións previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de anuncios do Concello.

2. Transcorrido o prazo de exposición ó público, o Concello resolverá sobre as reclamacións presentadas e aprobará definitivamente o padrón que servirá de base para os documentos cobratorios correspondentes.

3. As baixas deberán cursarse, ó mais tardar, o último día laborable do respectivo período para surtir efectos a partir do seguinte. Quen incumpra tal obrigaón seguirá suxeito ó pago da taxa.

4. As altas que se produzan dentro do exercicio surtirán efecto desde a data de nacemento da obrigaón de contribuír, e pola Administración procederase a notificar ós suxeitos pasivos a liquidación correspondente á alta no padrón, coa expresión de:

a) Os elementos esenciais daquelas. Cando supoñan un incremento da base imponible respecto da declarada polo interesado a notificación deberá expresar de forma concreta os feitos e elementos que a motivan.

b) Os medios de impugnación que podan ser exercidos, con indicación de prazos e organismos en que terán que ser interpostos; e

c) Lugar, prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria.

5. As cotas liquidadas e non satisfeitas dentro do período voluntario faranse efectivas pola vía de apremio, de conformidade coas normas do Regulamento Xeral de Recadación.

ARTIGO 9.- Infraccións e sancións

1.- Será de aplicación en materia de infraccións e sancións o regulado nos artigos 178 a 212 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

2.- Tamén se estará ó previsto especialmente nos artigos pertinentes relativos ás normas de xestión do servizo.

ARTIGO 10.- Actualización anual de tarifas

As tarifas actualizaranse anualmente, con efectos do 1 de xaneiro de cada ano, aplicándose o incremento do IPC producido no ano anterior, aos efectos de corrixir os efectos da inflación.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Queda derogada a ordenanza fiscal reguladora da prestación do servizo domiciliario de augas aprobada polo Pleno de data 27 de xuño de 2013.

DISPOSICIÓN FINAL.- Aprobación, Entrada en vigor e modificación da ordenanza fiscal

A presente Ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno deste Concello será de aplicación logo da súa publicación no BOP, conforme ao disposto no artigo 17.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, a partir do 1 de xaneiro seguinte, e continuará vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

En caso de modificación parcial desta Ordenanza Fiscal, os artigos non modificados continuarán vixentes.”

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor polo interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Antas de Ulla, 14 de febreiro de 2024.- A Alcaldesa, Pilar García Porto.

R. 0454

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DECLARACIÓN DE INCURSIÓN NA SITUACIÓN LEGAL DE FÓRA DE ORDENACIÓN TOTAL DE EDIFICACIÓNS SEN LICENZA E DERROGACIÓN DA ORDENANZA VIXENTE

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario provisional do Concello de Antas de Ulla do 30 de novembro de 2023 de aprobación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición de declaración de incursión na situación legal de fóra de ordenación total de edificacións sen licenza e derogación da ordenanza vixente.

O texto íntegro da devandita Ordenanza faise público en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DECLARACIÓN DE INCURSIÓN NA SITUACIÓN LEGAL DE FÓRA DE ORDENACIÓN TOTAL DE EDIFICACIÓNS SEN LICENZA

ARTÍCULO 1.- Fundamento legal

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 e seguintes do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas Locais, o Concello de Antas de Ulla impón a taxa de expedición da declaración de incursión na Situación legal de fóra de ordenación total a que fai referencia a "Disposición transitoria terceira.-Edificacións sen licenza

da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, cuxas normas atenden 6 previsto no artigo 132 do citado Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

ARTIGO 2.- Feito imponible

Constitúe o feito imponible da taxa a actividade administrativa desenvolvida con motivo da tramitación, a instancia de parte, da declaración de incursión na situación legal de fóra de ordenación total a que fai referencia a "Disposición transitoria terceira.- Edificacións sen licenza" da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

ARTIGO 3.- Suxeito pasivo

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria que soliciten, provoquen ou e cuxo interese redunde a tramitación do expediente de declaración de incursión na situación legal de fóra de ordenación total de conformidade co disposto na "Disposición transitoria terceira.- Edificacións sen licenza" da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e na Instrución 2/2011, do 12 de abril, para a aplicación da disposición transitoria terceira da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, sobre edificacións sen licenza.

ARTIGO 4.- Responsables

Responderán solidariamente ou subsidiariamente segundo corresponda das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas ou xurídicas a que se refiren os artigos 41 e seguintes da Lei xeral tributaria.

ARTIGO 5. - Cota tributaria

1. A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa, de acordo coa tarifa que contén o artigo seguinte.
2. A cota de tarifa correspondente á tramitación completa, e cada instancia, do expediente de declaración de incursión na situación legal de fóra de ordenación total, desde a súa iniciación ata a súa resolución final, incluída a certificación e a notificación ó interesado do acordo recaído.

ARTIGO 6.- Tarifas

A tarifa a que se refire o artigo anterior estrutúrase sa seguinte maneira:

TRAMITACIÓN EXPEDIENTES DE DECLARACIÓN DE INCURSIÓN NA SITUACIÓN LEGAL DE FÓRA DE ORDENACIÓN TOTAL

Por m2 construídos	Euros
De 1,00 a 50,00	495 €
De 51,00 a 100,00	1.000 €
De 101,00 a 150,00	1.660 €
De 151,00 a 200,00	2.325 €
De 201,00 a 250,00	2.988 €
Máis de 250,00	3.326 €

ARTIGO 7.- Bonificacións

Non se concederá bonificación algunha dos importes das cotas tributarias sinaladas na tarifa desta taxa.

ARTIGO 8.- Devengo

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se presente a solicitude que inicie a tramitación do expediente de declaración de incursión na situación legal de fora de ordenación total suxeito ó tributo.

ARTIGO 9.- Xestión

1. A taxa xestionarase facendo o ingreso da tarifa na Tesourería Municipal no momento da solicitude da tramitación do expediente.
2. As solicitudes recibidas polos medios contemplados no artigo 38 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas que non vaian acompañados do xustificante de pagamento, serán requiridos para que, nun prazo de dez días, se proceda á subsanación, acreditando o

aboamento da taxa, con apercibimento de que, transcorrido dito prazo sen ser subsanado, terase desistido da súa solicitude.

O modelo de solicitude estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello, <https://concellodeantas.sedelectronica.gal>.

ARTIGO 10.- Exacción da taxa en réxime de autoliquidación

A tenor do artigo 27.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, esta Taxa poderá esixirse en réxime de autoliquidación.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Queda derogada a ordenanza fiscal reguladora da taxa de expedición da declaración de incursión na situación legal de fóra de ordenación total a que fai referencia a "Disposición transitoria terceira.- Edificacións sen licenza da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o imposto sobre bens inmobles aprobada polo Pleno de data 25 de outubro de 2011.

DISPOSICIÓN FINAL.- Aprobación, entrada en vigor e modificación da ordenanza fiscal

A presente Ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno deste Concello será de aplicación a partir do 1 de xaneiro seguinte, e continuará vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

En caso de modificación parcial desta Ordenanza Fiscal, os artigos non modificados continuarán vixentes."

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor polo interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Antas de Ulla, 14 de febreiro de 2024.- A Alcaldesa, Pilar García Porto.

R. 0455

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

Logo de aprobar definitivamente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, faise público o seu texto íntegro para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do previsto no artigo 70.2 da Lei de Bases do Réxime Local.

"ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

ARTÍCULO 1.- Fundamento legal

O Concello de Antas de Ulla, no uso das facultades contidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e conforme ao disposto nos artigos 15.2, 59.1 e 93 a 100 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, acorda fixar os elementos necesarios para a determinación das cotas tributarias do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica e aprobar a Ordenanza Fiscal reguladora do mesmo, nos termos que se establecen nos artigos seguintes.

En calquera caso, terase en conta o establecido nas disposicións concordantes ou complementarias ditadas para regular, desenvolver e aplicar este Imposto das que non exista na presente Ordenanza Fiscal un tratamento pormenorizado.

ARTIGO 2.- Natureza e feito impoñible

1. O Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica é un tributo directo que grava a titularidade dos vehículos desta natureza, aptos para circular polas vías públicas, calquera que sexan a súa clase e categoría.

2. Considérase vehículo apto para a circulación o que fose matriculado nos rexistros públicos correspondentes e mentres no causase baixa nestes. Aos efectos deste imposto tamén se considerarán aptos os vehículos provistos de permisos temporais e matrícula turística.

ARTIGO 3.- Supostos de non suxeición

Non están suxeitos a este imposto:

a) Os vehículos que sendo dados de baixa nos Rexistros por antigüidade do seu modelo, poidan ser autorizados para circular excepcionalmente con ocasión de exhibicións, certames ou carreiras limitadas aos desta natureza.

b) Os remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica cuxa carga útil non sexa superior a 750 quilogramos.

ARTIGO 4.- Exencións

Estarán exentos do imposto aqueles vehículos recollidos no art. 93 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Facendas Locais.

ARTIGO 5.- Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos deste imposto as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, a cuxo nome conste o vehículo no permiso de circulación.

ARTIGO 6.- Período impositivo e devengo

1. O período impositivo coincide co ano natural, agás no caso de primeira adquisición dos vehículos.

Neste caso, o período impositivo comezará o día en que se produza a dita adquisición.

2. O imposto devógase o primeiro día do período impositivo.

3. O importe da cota tributaria prorratearase por trimestres naturais nos supostos de primeira adquisición ou cancelación definitiva do vehículo. A cota tamén se prorrateará nos mesmos termos no caso de baixa temporal por substracción ou roubo de vehículos, e iso desde o momento en que se produza a dita baixa temporal no Rexistro público correspondente.

ARTIGO 7.- Cota tributaria

De acordo co disposto no art. 95 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Facendas Locais a cota recollida no apartado 1 do citado artigo mantense incrementada, de acordo coa ordenanza anteriormente en vigor, nun coeficiente do 1,05, de acordo co cadro seguinte:

POTENCIA E CLASE DE VEHÍCULO	COTA
A) Turismos:	
<i>De menos de 8 cabalos fiscais</i>	13,25
<i>De 8 ata 11,99 cabalos fiscais</i>	35,78
<i>De 12 ata 15,99 cabalos fiscais</i>	75,54
<i>De 16 ata 19,99 cabalos fiscais</i>	94,09
<i>De 20 cabalos fiscais en adiante</i>	117,60
B) Autobuses:	
<i>De menos de 21 prazas</i>	87,47
<i>De 21 a 50 prazas</i>	124,57
<i>De máis de 50 prazas</i>	155,71
C) Camións:	
<i>De menos de 1.000 quilogramos de carga útil</i>	44,40
<i>De 1.000 a 2.999 quilogramos de carga útil</i>	87,47
<i>De máis de 2.999 a 9.999 quilogramos de carga útil</i>	124,57
<i>De máis de 9.999 quilogramos de carga útil</i>	155,71
D) Tractores:	
<i>De menos de 16 cabalos fiscais</i>	18,52
<i>De 16 a 25 cabalos fiscais</i>	29,16
<i>De máis de 25 cabalos fiscais</i>	87,47
E) Remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica:	
<i>De menos de 1.000 e máis de 750 quilogramos de carga útil</i>	18,55
<i>De 1.000 a 2.999 quilogramos de carga útil</i>	29,16
<i>De máis de 2.999 quilogramos de carga útil</i>	87,47

POTENCIA E CLASE DE VEHÍCULO	COTA
F) Vehículos:	
Ciclomotores	4,64
Motocicletas ata 125 centímetros cúbicos	4,64
Motocicletas de máis de 125 ata 250 centímetros cúbicos	7,95
Motocicletas de máis de 250 ata 500 centímetros cúbicos	15,91
Motocicletas de máis de 500 ata 1.000 centímetros cúbicos	31,80
Motocicletas de máis de 1.000 centímetros cúbicos	63,61

ARTIGO 8.- Exencións e bonificacións

1.- Exencións.

Para a concesión da exención prevista no artigo 93.1.e) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, para os vehículos matriculados a nome de persoas con capacidades diferentes para o seu uso exclusivo, será necesario aportar a seguinte documentación:

- Solicitude presentada polo/a interesado/a con anterioridade ó 31 de decembro do exercicio anterior á aplicación da devandita exención, no caso de altas novas.
- Certificado da condición alegada, emitido polo órgano competente.
- Copia compulsada do permiso de circulación do vehículo.
- Copia compulsada do último recibo do seguro e da póliza do seguro vixente na que se sinala que o/a único/a condutor do vehículo é o/a solicitante da exención. E no caso de que o vehículo sexa para o transporte exclusivo do/da solicitante, declaración responsable do/da solicitante de tal circunstancia e da persoa/s encargada/s do seu transporte.
- Declaración responsable do destino do vehículo emitida polo minusválido solicitante.

Estas bonificacións serán de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando impliquen creación de emprego.

A declaración de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego deberá realizala o Pleno da Corporación, previa solicitude do suxeito pasivo.

O procedemento a seguir será o seguinte: será necesario que se solicite polo interesado a declaración de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, o que deberá efectuarse mediante solicitude a tal efecto. Xunto coa solicitude deberá aportar a seguinte documentación:

- Memoria explicativa das circunstancias de fomento de emprego en que se fundamenta a solicitude de declaración de especial interese ou utilidade municipal.

Presentada a solicitude e a correspondente documentación, a Alcaldía, previa verificación de que concorren as circunstancias que xustifican a declaración solicitada, formulará proposta de acordo que será elevada ao Pleno da Corporación. O acordo polo que se conceda ou denegue a declaración de especial interese ou utilidade municipal será notificada ao interesado.

A presente medida de carácter fiscal manterase durante tres exercicios orzamentarios.

A bonificación aplicarase á cota resultante de aplicar, no seu caso, as bonificacións a que se refire o apartado 1 deste artigo.

ARTIGO 11.- Período impositivo e devengo

O período impositivo coincide co ano natural, excepto cando se trate de declaracións de alta, nese caso abarcará desde a data de comezo da actividade até o final do ano natural.

O Imposto devéngase o primeiro día do período impositivo e as cotas serán irreducibles, salvo cando, nos casos de declaración de alta, o día de comezo da actividade non coincida co ano natural, en cuxo suposto as cotas calcularanse proporcionalmente ao número de trimestres naturais que restan para finalizar o ano, incluído o do comezo do exercicio da actividade.

Así mesmo, e no caso de baixa por cesamento no exercicio da actividade, as cotas serán prorrateables por trimestres naturais, excluído aquele no que se produza o referido cesamento. A tal fin, os suxeitos pasivos poderán solicitar a devolución da parte da cota correspondente aos trimestres naturais nos que non se exercera a actividade.

Tratándose de espectáculos, cando as cotas estean establecidas por actuacións illadas, o devengo prodúcese pola realización de cada unha delas, debéndose presentar as correspondentes declaracións na forma que se estableza regulamentariamente.

ARTIGO 12.- Xestión

O imposto xestiónase a partir da matrícula do mesmo. Dita matrícula formarase anualmente para cada termo e estará constituída por censos comprensivos das actividades económicas, suxeitos pasivos, cotas mínimas e, no seu caso, da recarga provincial. A matrícula estará a disposición do público no taboleiro de anuncios do Concello. O anuncio de exposición publicarase no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello, <https://concellodeantas.sedelectronica.gal>.

Sen prexuízo do disposto nos apartados 2 e 3 do artigo 82 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, os suxeitos pasivos estarán obrigados a presentar as correspondentes declaracións censais de alta, con manifestación de todos os elementos necesarios para a súa inclusión na matrícula a que fai referencia o apartado anterior, e sempre deberán presentarse no prazo e forma que regulamentariamente se estableza, mediante modelo aprobado polo Ministerio de Economía e Facenda, practicándose a continuación pola Administración Municipal a liquidación correspondente, a cal se notificará ao suxeito pasivo, quen deberá efectuar o ingreso que proceda.

A inclusión, exclusión ou alteración dos datos contidos nos censos, resultantes das actuacións de inspección tributaria ou da formalización de altas e comunicacións, consideraranse acto administrativo, e levarán a modificación do censo. Calquera modificación da matrícula que se refira a datos obrantes nos censos requirirá, inescusablemente, a previa alteración destes últimos no mesmo sentido.

Os suxeitos pasivos do Imposto que cesen no exercicio dunha actividade pola que figuren inscritos en Matrícula, estarán obrigados a presentar declaración de baixa na actividade mediante modelo aprobado polo Ministerio de Economía e Facenda. Estas declaracións deberán presentarse no prazo dun mes, a contar desde a data na que se produciu o cesamento. No caso de baixa por cesamento no exercicio da actividade, as cotas serán prorrateables por trimestres naturais, excluído aquel en que se produza o referido cesamento. A tal fin os suxeitos pasivos poderán solicitar a devolución da parte da cota correspondente aos trimestres naturais nos que non se exercera a actividade.

Os suxeitos pasivos estarán obrigados a comunicar as variacións de orde física, económico ou xurídico que se produzan no exercicio das actividades gravadas e que teñan transcendencia a efecto do seu tributación por este imposto, nos prazos e termos previstos no Real Decreto 243/1995, de 17 de febreiro, polo que se ditan normas para a xestión do imposto e nas disposicións que estableza o Ministro de Facenda conforme ao previsto nos artigos 82 e 90 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo. Así mesmo, serán de aplicación as normas estatais de xestión tributaria que poidan ser de aplicación no réxime específico da xestión do imposto.

A formación da Matrícula do imposto levaraa a cabo a Administración Tributaria do Estado. En todo caso, a cualificación das actividades económicas, así como o sinalamento das cotas correspondentes e do coeficiente de ponderación en función do importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo levaraa a cabo, igualmente, a Administración Tributaria do Estado, e o coñecemento das reclamacións que se interpoñan contra os actos de cualificación de actividades e sinalamento de cotas corresponderá aos Tribunais Económico-Administrativos do Estado.

A liquidación e recadación, así como a revisión dos actos ditados en vía de xestión tributaria deste imposto levaraa a cabo o Concello e comprenderá as funcións de concesión e denegación de exencións e bonificacións, realización das liquidacións conducentes á determinación das débedas tributarias, emisión dos instrumentos de cobro, resolución dos expedientes de devolución de ingresos indebidos, resolución dos recursos que se interpoñan contra os devanditos actos e actuacións para a información e asistencia ao contribuínte referidas ás materias comprendidas neste parágrafo.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que á mesma correspondan en cada caso, estarase ao disposto na Lei Xeral Tributaria e normas que a desenvolven.

ARTIGO 13.- Pago e ingreso

1. O prazo de ingreso das débedas de cobro por recibo notificadas colectivamente determinarase cada ano e

anunciarase publicamente no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, así como na sede electrónica deste Concello <https://concellodeantas.sedelectronica.gal>

As cotas do imposto recadaranse mediante recibo na forma establecida polo Servizo de Xestión Tributaria e Recadación Provincial da Deputación Provincial de Lugo, dado que este Concello de Antas de Ulla ten delegadas no mesmo as competencias en materia de xestión, inspección e recadación, tanto en período voluntario como en período executivo, reguladas no vixente texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, do Imposto sobre Actividades Económicas. Cando se trate de declaracións de alta ou inclusións de oficio, a cota recadarase mediante liquidación notificada individualmente ao suxeito pasivo. En canto á forma, prazo e condicións de pago, estarase ao establecido ao respecto polo Servizo de Xestión Tributaria e Recadación Provincial da Deputación Provincial de Lugo.

2. Finalizado o prazo de pago voluntario sen que a débeda se satisfexese, iniciarase o período executivo de recadación, o que comporta o devengo da recarga da débeda non ingresada, así como o dos intereses de demora correspondentes.

A devandita recarga será do 5% cando a débeda se ingrese antes de que lle sexa notificada ao debedor a Providencia de prema, e do 10% cando se satisfaga a totalidade da débeda e a propia recarga antes da finalización do prazo previsto no apartado 5 do artigo 62 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

ARTIGO 14.- Autoliquidación

A tenor do artigo 90.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, «este Imposto poderá esixirse en réxime de autoliquidación, nos termos que regulamentariamente se establezan».

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA.- Modificacións do imposto

As modificacións que se introduzan na regulación do Imposto, polas Leis de Orzamentos Xerais do Estado ou por calquera outra Lei ou disposición, e que resulten de aplicación directa, producirán, no seu caso, a correspondente modificación tácita da presente Ordenanza fiscal.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Queda derogada a ordenanza fiscal pola cal se acorda fixar os elementos necesarios para a determinación das cotas tributarias do Imposto sobre Actividades Económicas e aprobar a Ordenanza Fiscal reguladora do mesmo do concello de Antas de Ulla aprobada polo Pleno de data 2 de marzo do 2018.

DISPOSICIÓN FINAL.- Aprobación, Entrada en vigor e modificación da ordenanza fiscal.

A presente Ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno deste Concello será de aplicación a partir do 1 de xaneiro seguinte, e continuará vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

En caso de modificación parcial desta Ordenanza Fiscal, os artigos non modificados continuarán vixentes.

ANEXO. RUEIRO.

Anexo Rueiro	
Vía	Categoría
Tódalas rúas da vila de Antas de Ulla	1ª
Lugares e Parroquias do municipio, non comprendidos na vila de Antas de Ulla	2ª

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor polo interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Antas de Ulla, 14 de febreiro de 2024.- A Alcaldesa, Pilar García Porto.

R. 0458

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA MODIFICACIÓN DA DENOMINACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA LICENCIA POLA TENENCIA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS, DO SEU REXISTRO, DA SECCIÓN LOCAL DO REXISTRO DE ANIMAIS DE COMPAÑÍA E DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DE TALES SERVICIOS DO CONCELLO DE ANTAS DE ULLA.

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario provisional do Concello de Antas de Ulla do 30 de novembro de 2023 de modificación da denominación da ordenanza municipal reguladora da licenza pola tenencia de animais potencialmente perigosos, do seu rexistro, da sección local do rexistro de animais de compañía e das taxas pola prestación de tales servizos do Concello de Antas de Ulla, o que se fai público en cumprimento do disposto no artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Contra o presente Acordo poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Antas de Ulla, 14 de febreiro de 2024.- A Alcaldesa, Pilar García Porto.

R. 0459

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR CONCESIÓN E RENOVACIÓN DAS LICENCIAS ADMINISTRATIVAS PARA A TENENCIA DE CALQUERA ANIMAIS CLASIFICADOS COMO POTENCIALMENTE PERIGOSOS, EXPONSE AO PÚBLICO POLO PRAZO DE TRINTA DÍAS, PARA QUE AS PERSOAS INTERESADAS POIDAN EXAMINAR O EXPEDIENTE E PRESENTAR AS RECLAMACIÓNS QUE ESTIMEN OPORTUNAS, DE CONFORMIDADE CO ESTABLECIDO NO ARTIGO 17 DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI REGULADORA DAS FACENDAS LOCAIS, APROBADO POR REAL DECRETO LEXISLATIVO 2/2004 DE 5 DE MARZO.

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario provisional do Concello de Antas de Ulla do 30 de novembro de 2023 de aprobación da ordenanza reguladora da taxa por concesión e renovación das licencias administrativas para a tenencia de calquera animais clasificados como potencialmente perigosos, exponse ao público polo prazo de trinta días, para que as persoas interesadas poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, de conformidade co establecido no artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo.

O texto íntegro da devandita Ordenanza faise público en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE CONCESIÓN E RENOVACIÓN DAS LICENCIAS ADMINISTRATIVAS PARA A TENENCIA DE CALESQUERA ANIMAIS CLASIFICADOS COMO POTENCIALMENTE PERIGOSOS, ÓS QUE SE REFIRE O DECRETO 90/2002, DE 28 DE FEBREIRO, POLO QUE SE REGULA LA TENENCIA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

ARTÍCULO 1.- Fundamento legal

1.- *En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 e seguintes do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas Locais, o Concello de Antas de Ulla impón a taxa de concesión e renovación das licencias administrativas para a tenencia de calquera animais clasificados como potencialmente perigosos, ós que se refire o Decreto 90/2002, de 28 de febreiro, polo que se regula la Tenencia de Animais Potencialmente Perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia que se rexerá pola presente ordenanza, cuxas normas atenden ao previsto no artigo 132 do citado Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.*

ARTIGO 2.- Feito imponible

É obxecto da presente ordenanza a regulación da taxa pola concesión e renovación das licencias administrativas para a tenencia de calquera animais clasificados como potencialmente perigosos, ós que se refire o Decreto 90/2002, de 28 de febreiro, polo que se regula la Tenencia de Animais Potencialmente Perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia.

1.- *O feito imponible da taxa é a actividade municipal conducente á verificación do cumprimento das condicións reguladas na Ordenanza para a concesión da licenza indicada, a actividade de control que se efectuará nas renovacións que da mesma deban verificarse, a tramitación, control e custodia que de ela se establece e aqueles outros servizos que se recollen nas Tarifas de esta Ordenanza.*

ARTIGO 3.- Supostos de non suxeición

Quedan excluídos da aplicación da presente Ordenanza os cans e animais pertencentes ás Forzas Armadas, Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, Corpos da Policía das Comunidades Autónomas, Policía Local e empresas de seguridade con autorización oficial.

Igualmente quedan excluídos da obriga de obtención de licenzia municipal, aqueles exemplares caninos que foran obxecto de adestramento baixo a supervisión directa da ONCE e sexan destinados a guía de persoas invidentes.

ARTIGO 4. - Suxeito pasivo

Son suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas propietarias dos animais potencialmente perigosos que solicitan ou resultan afectadas pola actividade regulada nos epígrafes da Tarifas.

Igualmente serán suxeitos pasivos os titulares dos establecementos ou asociacións que alberguen animais potencialmente perigosos e se dediquen a súa explotación, cría, comercialización ou adestramento, incluídos os centros de adestramento, criadeiros, centro de recollidas, residencias, centros recreativos e establecementos de venda.

ARTIGO 5.- Responsables

Responderán solidariamente ou subsidiariamente segundo corresponda das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas ou xurídicas a que se refiren os artigos 41 e seguintes da Lei xeral tributaria.

ARTIGO 6. - Tarifas

As tarifas a aboar serán as que, a continuación se relacionan, pola expedición dos seguintes documentos administrativos:

- 1.- Licenzia de cans potencialmente perigosos: 70 euros.
- 2.- Ficha identificativa individual: 25 euros.
- 3.- Renovación de licenzias: 35 euros.
- 4.- Inscripción no Rexistro A.P.P.: 14 euros.
- 5.- Inscripción no Censo de Animais de Compañía: 9 euros.
- 6.- Modificacións Rexistras: 3 euros.
- 7.- Cancelación Rexistral: 5 euros.
- 8.- Os actos ós que se refiren os epígrafes 1, 3, 4 e 7, cando se soliciten polos suxeitos pasivos a que se refire o número 2 do artigo 3, terán un recargo do 50 por cento.

ARTIGO 7.- Devengo

- 1.- O devengo da taxa producirase coa solicitude de calquera dos actos ós que se refire o feito imponible.
- 2.- A non concesión da licenzia, cando non sexa debido a incumprimentos formais do suxeito pasivo, dará lugar á devolución das cantidades autoliquidadas.

ARTIGO 8.- Xestión

O ingreso da taxa efectuarase en réxime de autoliquidación e con carácter previo ó acto que o motiva.

ARTIGO 9.- Infraccións e sancións

- 1.- Será de aplicación en materia de infraccións e sancións o regulado nos artigos 178 a 212 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.
- 2.- Tamén se estará ó previsto especialmente nos artigos pertinentes relativos ás normas de xestión do Rexistro de animais potencialmente perigosos.

ARTIGO 10.- Actualización anual de taxas

As taxas actualizaranse anualmente, con efectos do 1 de xaneiro de cada ano, aplicándose o incremento do IPC producido no ano anterior, aos efectos de corrir os efectos da inflación.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Queda derogado o CAPÍTULO IV da Ordenanza da taxa por expedición de licenzia, renovación, inscricións rexistras e as súas modificacións e cancelacións aprobada polo Pleno de data 11 de xullo de 2003.

DISPOSICIÓN FINAL.- Aprobación, Entrada en vigor e modificación da ordenanza fiscal

A presente Ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno deste Concello será de aplicación logo da súa publicación no BOP, conforme ao disposto no artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, a partir do 1 de xaneiro seguinte, e continuará vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

En caso de modificación parcial desta Ordenanza Fiscal, os artigos non modificados continuarán vixentes.”

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor polo interesados recurso

contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Antas de Ulla, 14 de febreiro de 2024.- A Alcaldesa, Pilar García Porto.

R. 0460

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DERROGACIÓN DO CAPÍTULO V (DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENCIA, RENOVACIÓN, INSCRICIÓN REXISTRALES E AS SÚAS MODIFICACIÓN E CANCELACIÓN) DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA LICENCIA POLA TENENCIA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS, DO SEU REXISTRO

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario provisional do Concello de Antas de Ulla do 30 de novembro de 2023 de derogación do Capítulo V (Da taxa por expedición de licenza, renovación, inscricións rexistrais e as súas modificacións e cancelacións) da ordenanza municipal reguladora da licenza pola tenencia de animais potencialmente perigosos, do seu rexistro, da sección local do rexistro de animais de compañía e das taxas pola prestación de tales servizos, o que se fai público en cumprimento do disposto no artigo 17.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Contra o presente Acordo poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Antas de Ulla, 14 de febreiro de 2024.- A Alcaldesa, Pilar García Porto.

R. 0461

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DERROGACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario provisional do Concello de Antas de Ulla do 30 de novembro de 2023 de derogación da ordenanza reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos, o que se fai público en cumprimento do disposto no artigo 17.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Contra o presente Acordo poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Antas de Ulla, 14 de febreiro de 2024.- A Alcaldesa, Pilar García Porto.

R. 0462

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DERROGACIÓN DA ORDENANZA DO TRIBUTO CON FIN NON FISCAL SOBRE AS FACHADAS EN MAL ESTADO DE CONSERVACIÓN

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario provisional do Concello de Antas de Ulla do 30 de novembro de 2023 de derogación da ordenanza do tributo con fin non fiscal sobre as fachadas en mal estado de conservación, o que se fai público en cumprimento do disposto no artigo 17.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Contra o presente Acordo poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Antas de Ulla, 14 de febreiro de 2024.- A Alcaldesa, Pilar García Porto.

R. 0463

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DERROGACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA SOBRE GASTOS Suntuarios

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario provisional do Concello de Antas de Ulla do 30 de novembro de 2023 de derogación da ordenanza reguladora da taxa sobre gastos suntuarios, o que se fai público en cumprimento do disposto no artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Contra o presente Acordo poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Antas de Ulla, 14 de febreiro de 2024.- A Alcaldesa, Pilar García Porto.

R. 0464

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DERROGACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENCIAS URBANÍSTICAS

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario provisional do Concello de Antas de Ulla do 30 de novembro de 2023 de derogación da ordenanza reguladora da taxa por expedición de licencias urbanísticas, o que se fai público en cumprimento do disposto no artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Contra o presente Acordo poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Antas de Ulla, 14 de febreiro de 2024.- A Alcaldesa, Pilar García Porto.

R. 0465

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DERROGACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA SOBRE PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE ALCANTARILLADO.

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario provisional do Concello de Antas de Ulla do 30 de novembro de 2023 de derogación da ordenanza reguladora da taxa sobre prestación de servizos de alcantarillado, o que se fai público en cumprimento do disposto no artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Contra o presente Acordo poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Antas de Ulla, 14 de febreiro de 2024.- A Alcaldesa, Pilar García Porto.

R. 0466

*Anuncio***APROBACIÓN DEFINITIVA DERROGACIÓN DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DO SERVICIO DE PISCINA MUNICIPAL**

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario provisional do Concello de Antas de Ulla do 30 de novembro de 2023 de derogación da taxa pola utilización do servizo de piscina municipal, o que se fai público en cumprimento do disposto no artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Contra o presente Acordo poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Antas de Ulla, 14 de febreiro de 2024.- A Alcaldesa, Pilar García Porto.

R. 0467

*Anuncio***APROBACIÓN DEFINITIVA DERROGACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA INSTALACIÓN DE TERRAZAS DO CONCELLO DE ANTAS DE ULLA**

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario provisional do Concello de Antas de Ulla do 30 de novembro de 2023 de derogación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola instalación de terrazas do Concello de Antas de Ulla, o que se fai público en cumprimento do disposto no artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Contra o presente Acordo poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Antas de Ulla, 14 de febreiro de 2024.- A Alcaldesa, Pilar García Porto.

R. 0468

MINISTERIO DE FACENDA**BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCÍONS (BDNS) DEPUTACIÓN***Anuncio*

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO EN SESIÓN CELEBRADA O 16 DE FEBREIRO DE 2024 POLO QUE SE APROBAN AS BASES E A CONVOCATORIA, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO DAS RESERVAS DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO E OS ANCARES LUCENSES PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACÍONS DE POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO NATURAL, CULTURAL E PAISAXÍSTICO DESTES TERRITORIOS NA ANUALIDADE 2024

BDNS (Identif.): 744427

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/744427>)

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.pap.hacienda.gob.es/bdnstrans/ge/es/convocatorias>).

Primeiro.- Beneficiarios

En xeral, poderán solicitar subvencións ao amparo desta convocatoria as entidades ou asociacións sen ánimo de lucro legalmente constituídas, inscritas no rexistro público correspondente na data de publicación desta convocatoria, con sede/delegación social ou cuxo ámbito territorial de actuación estea incluído nas Reservas da Biosfera Terras do Miño ou Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá (en adiante, Os Ancares Lucenses), e cuxo obxecto social estea relacionado con algunha das liñas de acción dos planes das ditas Reservas.

Segundo.- Obxecto

Constitúe o obxecto desta convocatoria a ordenación do procedemento aplicable para o outorgamento de subvencións en réxime de concorrencia competitiva destinadas a entidades asociativas legalmente constituídas sen ánimo de lucro con sede/delegación social ou cuxo ámbito territorial de actuación estea incluído nas Reservas da Biosfera Terras do Miño ou Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá (en adiante, Os Ancares Lucenses), e cuxo obxecto social estea relacionado con algunha das liñas de acción dos plans das ditas Reservas.

Estas subvencións están destinadas ao desenvolvemento de actuacións de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade de 2024, e cuxos fins contribúan ao cumprimento dalgunha das Liñas de Acción dos Plans de Acción das referidas Reservas da Biosfera.

A convocatoria inclúe dúas liñas diferenciadas:

A LIÑA 10.2 destinada á execución de actividades no territorio da Reserva da Biosfera Terras do Miño por parte de entidades asociativas sen ánimo de lucro con sede/delegación social ou cuxo ámbito territorial de actuación estea incluído neste territorio, do que forman parte os seguintes 26 municipios: Abadín, Alfoz, Baralla, Begonte, Castro de Rei, Castroverde, O Corgo, Cospeito, Friol, Guitiriz, Guntín, Láncara, Lugo, Meira, Mondoñedo, Muras, Oural, Outeiro de Rei, O Páramo, A Pastoriza, Pol, Rábade, Riotorto, O Valadouro, Vilalba e Xermade.

A LIÑA 10.3 destinada á execución de actividades no territorio da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses por parte de entidades asociativas sen ánimo de lucro con sede/delegación social ou cuxo ámbito territorial de actuación estea incluído neste territorio, do que forman parte os seguintes 3 municipios: Becerreá, Cervantes e Navia de Suarna.

Terceiro.- Bases reguladoras

As bases da convocatoria pódense consultar na web da Deputación Provincial de Lugo:

<https://www.deputacionlugo.gal/gl/temas/medioambiente/subvencionsRRBB2024>

Cuarto.- Contía

A cantidade destinada para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses para o desenvolvemento de proxectos de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade 2024 será de cento dez mil euros (110.000,00 €):

A LIÑA 10.2 (Reserva da Biosfera Terras do Miño) está dotada con 60.000 €.

A LIÑA 10.3 (Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses) está dotada con 50.000 €.

A subvención que a Deputación Provincial pode conceder estará comprendida no intervalo establecido na seguinte táboa:

IMPORTE MÍNIMO	IMPORTE MÁXIMO
1.000,00 €	7.000,00 €

Quinto.- Prazo de presentación

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles, a contar a partir do día seguinte da publicación no BOP da provincia de Lugo do extracto da convocatoria.

Sexto.- Outros datos

O prazo de execución da actividade ou comportamento subvencionado abarca do 1 de xaneiro de 2024 ata o 31 de decembro do 2024.

Cando menos, o 5% do custo total da actuación subvencionada deberá ser financiado con recursos propios da entidade beneficiaria.

Unha mesma entidade asociativa poderá concorrer nesta convocatoria á LIÑA 10.2 (territorio da Reserva da Biosfera Terras do Miño) e, do mesmo xeito, á LIÑA 10.3 (territorio da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses). Con todo, unha mesma entidade asociativa só poderá ser beneficiaria dunha única subvención en cada liña desta convocatoria e, do mesmo xeito, só poderá presentar unha única solicitude a cada liña.

Lugo, 16 de febreiro de 2024.- O PRESIDENTE, P. D. Decreto de data 04-07-2023, O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón.